Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

III / 2026

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

Aspectos salientables

1. A actividade económica en Galicia e no conxunto España segue a caracterizarse polo seu crecemento sostido e o seu forte dinamismo en comparación coa media europea cos países da zona euro, e coas súas principais economías. No segundo trimestre de 2026, o PIB medra en Galicia un 2,4%, tres décimas menos que en España, fronte a un 1,4% da UE ou o 1,2% da zona euro. Con todo, en relación ao trimestre anterior o PIB galego medra un 0,5%, porcentaxe inferior ao da UE e España (0,7%) e ao da zona euro (0,6%).

2. Dende o punto de vista da demanda, o crecemento do PIB galego caracterízase por un crecemento equilibrado, con achegas da demanda interna e externa de 1,2 puntos. A achega da demanda interna é a segunda máis reducida dende a recuperación da crise orixinada pola pandemia. Pola contra en España, a demanda externa detrae seis décimas ao crecemento do PIB. Todos os compoñentes da demanda interna presentan unha ralentización no seu crecemento, especialmente o investimento.

3. No que atinxe á demanda externa, fronte ao lixeiro incremento das exportacións (0,4%) as importacións presentan unha redución interanual do 2%. Atendendo ás relacións con terceiros países, Galicia concentra o 7,8% das exportacións españolas e o 5,4% das importacións. A elevada concentración xeográfica, sectorial e empresarial seguen a caracterizar ás exportacións galegas; así, a UE acolle máis do 75,8% das vendas galegas ao exterior; os cinco primeiros países supoñen o 53,3% do total; e os sectores téxtil-confección e automóbil, un 40,3%. Asemade, cómpre resaltar que as cinco primeiras empresas exportadoras regulares concentran o 42,4% da exportación galega (51,2% se se consideran as dez primeiras empresas), valores que se sitúan tan só no 9,1% e 14% no conxunto do Estado.

4. Dende o punto de vista da oferta, todas as ramas de actividade presentan taxas de crecemento positivas, situándose o sector da construción e os servizos como aqueles coas taxas máis elevadas, cun 3,3%. O sector primario medra un 1,6% respecto ao ano anterior, e a industria un 0,7%. A ralentización no ritmo de crecemento do PIB explícase polo comportamento do sector da construción e dos servizos (6,9% e 4,1% no ano anterior, respectivamente); así como pola desaceleración da actividade manufactureira (4,1% no ano precedente). Asemade, o devandito incremento do sector primario contrasta coa súa contracción no mesmo período do ano precedente (-0,6%). O maior dinamismo da economía española explícase pola mellor evolución dos catro grandes sectores, destacando a construción, cun 4,1%. Por contra, a industria manufactureira medra en Galicia un 2,9%, máis do dobre do estimado para España (1,4%).

5. No eído laboral, descende lixeiramente a participación dos galegos na actividade e ocupación, que se mantén entre as máis baixas do Estado; por mor do maior envellecemento da poboación. Doutra, os catro indicadores da ocupación considerados

presentan taxas de crecemento inferiores ás estimadas no ano anterior. Pola contra, redúcese a taxa de paro e mellora a calidade de emprego, atendendo á redución da temporalidade.

6. A poboación activa en Galicia permanece practicamente estable tras o bo comportamento de trimestres anteriores, salientando a redución entre os homes e na poboación activa estranxeira, o que contrasta coa medra no conxunto de España. No que á ocupación se refire, os catro indicadores de ocupación considerados presentan unha importante ralentización en relación ao ano anterior. Dunha banda, a poboación ocupada estimada pola EPA medra un 0,6%, dous puntos menos que no ano anterior, e as afiliacións á Seguridade Social presentan un incremento interanual do 1,7%, unha décima por baixo. Asemade, as contas económicas reflicten o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo medran un 0,7% e o número de horas traballadas o fai nun 0,8% (1,4% e 1,2%, respectivamente, en 2025). Ao igual que en anos anteriores, o mercado laboral en España presenta un mellor comportamento que en Galicia, con crecementos superiores ao 2% en todos os casos no último trimestre.

7. Segundo os datos recollidos na EPA, o incremento do emprego prodúcese tan só entre as mulleres, reducíndose por contra entre os homes. Xunto a esta evolución, cómpre resaltar que todo o emprego creado é emprego indefinido, reducíndose por tanto a taxa de temporalidade, situándose Galicia como a cuarta Comunidade autónoma con menor taxa de temporalidade. Asemade, a mellora do emprego prodúcese case na súa totalidade entre as persoas traballadoras por conta allea, e en concreto entre as persoas asalariadas do sector privado. A creación de emprego prodúcese fundamentalmente no sector servizos, reducíndose a ocupación nos sectores primario e, en maior medida, no industrial.

8. Parados, o número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego redúcese nun 2,1%, porcentaxe que aumenta ata 4,3% no caso da poboación parada estimada pola EPA. A taxa de paro descende ata o 7,9%, o valor máis reducido dende a crise económica de 2008. Un terceiro elemento a salientar é que ao igual que acontece no segundo trimestre do ano anterior, a taxa de paro feminina é inferior á masculina, aspecto que neste último ano tan só acontece en País Vasco e Cantabria (7,5% entre as mulleres e 8,4% entre os homes). Asemade, as taxas de paro amosan que o desemprego segue a afectar en maior medida ás persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios; reducíndose o número de persoas que levan máis dun ano nesa situación nun 1,1%, lonxe do 10% no conxunto de España.

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso país, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Facultade de CC. Empresariais e Turismo - Universidade de Vigo
Campus Universitario 32004
Setembro 2026

I- ANÁLISE DE CONTAS

Contas económicas no segundo trimestre 2026. Mantense o ritmo de crecemento sostido do PIB galego.

A economía galega e española seguen a presentar un crecemento sostido e superior ao experimentado na UE e na zona euro, así como nas súas principais economías. En termos anuais, o PIB medra en Galicia un 2,4%, tres décimas inferior á media española, cando na UE a medra foi do 1,4% e do 1,2% na zona euro. Con todo, en relación ao trimestre anterior, o PIB galego medra un 0,5%, `porcentaxe inferior ao experimentado en España e a UE, cun 0,7% (0,6% na zona euro).

O crecemento do PIB galego caracterízase por un crecemento equilibrado, con achegas da demanda interna e externa de 1,2 puntos. Con todo, fronte a este dato positivo, a achega da demanda interna en Galicia é a segunda máis reducida dende a recuperación da crise orixinada pola pandemia. En España, ao igual que na UE e na zona euro, a demanda interna constitúe o seu motor de crecemento, se ben mentres que en Europa tanto a demanda externa como interna contribúen positivamente, en España a demanda externa detrae seis décimas ao crecemento do PIB. En Galicia, o investimento mantense coma a compoñente con maior crecemento (1,6%) aumentando tanto o consumo público como en menor medida o gasto privado (1,5% e 1%, respectivamente). No caso do sector exterior, as importacións contráense un 2%, aumentando lixeiramente as importacións Cómpre resaltar que todos os compoñentes da demanda interna presentan unha ralentización no seu ritmo de crecemento, especialmente acusado no caso do investimento, así como en menor medida, no gasto privado. Cómpre mencionar que no segundo trimestre todos os compoñentes da demanda, agás as exportacións, presentan en España un mellor comportamento.

Dende o lado da oferta, todas as ramas de actividade presentan taxas de crecemento positivas, situándose o sector da construción e os servizos como aqueles coas taxas máis elevadas, cun 3,3%. O sector primario medra un 1,6% respecto ao ano anterior, e a industria un 0,7%. O maior dinamismo da economía española explícase pola mellor evolución dos catro grandes sectores, destacando a construción, cun 4,1% Por contra, a industria manufactureira medra en Galicia un 2,9%, máis do dobre do estimado para España (1,4%).

Actividade económica

A economía do conxunto de países da Unión Europea (UE-27) e da zona euro presenta no segundo trimestre do ano un bo comportamento, ao medrar a súa actividade económica sete e seis décimas respecto ao trimestre anterior,

respectivamente, o que supoñen os valores máis elevados dende o segundo trimestre de 2022 (0,9%). Cómpre mencionars que entre as cinco grandes economías europeas, España segue a presentar o maior dinamismo, cunha medra do 0,7%, por diante de Países Baixos, cunha taxa de variación intertrimestral do 0,4%, Alemaña, cunha medra do 0,3%, e Italia dun 0,2%, sendo nulo no caso da economía francesa.

En termos interanuais, a economía da Unión Europea e do conxunto da zona euro presentan unha medra do seu PIB do 1,4% e 1,2%, respectivamente, o que supón máis de medio punto superior ao estimando no trimestre anterior (1,6% no segundo trimestre de 2025). España segue a caracterizarse polo maior dinamismo da súa actividade económica en relación á evolución das grandes economías europeas, ao presentar unha medra interanual do 2,7%. En Países Baixos o PIB medra un 1,5%, fronte ao 1% en Italia e Alemaña; e o 0,5% de Francia. En Portugal, o segundo socio comercial de Galicia, a actividade económica medra un 2,5% respecto ao mesmo período do ano anterior.

O cadro macroeconómico publicado por Eurostat amosa que a demanda interna constitúe o motor de crecemento da economía europea, cunha achega de 1,1 puntos porcentuais ao crecemento agregado do PIB, aportando a demanda externa tres décimas, a diferenza do acontecido nos últimos sete trimestres onde esta detraída décimas ao crecemento. O devandito menor dinamismo da economía europea en relación ao rexistrado no mesmo período do ano anterior explícase tan só polo comportamento da demanda interna, que no segundo trimestre de 2025 aportaba 2,5 puntos ao crecemento do PIB en tanto que a demanda externa detraía nove décimas.

Entre os distintos compoñentes da demanda interna, o gasto en consumo final é quen presenta na UE as taxas de crecemento máis elevadas, cunha medra interanual do 1,5%, dúas décimas menos que no ano precedente, impulsado en maior medida polo gasto das administracións públicas, cun incremento do 2% (1,2% no caso do gasto final do sector privado). No último trimestre, o investimento, medido en termos da formación bruta de capital, crece tan só un 0,1%. Comparado co ano anterior, cómpre salientar a acusada desaceleración experimentada polo investimento, que no mesmo período de 2025 presenta unha medra interanual do 5,5%; así como a ralentización do consumo privado, cun incremento do 1,8%. No caso do sector exterior, as exportacións de bens e servizos medran un 4,2% fronte a un 3,9% no caso das importacións (1,1% e 3,1% no ano anterior, respectivamente).

As principais economías de zona euro

PIB e principais compoñentes da demanda na UE-27, zona euro e principais economías europeas no segundo trimestre de 2026.

	Unión Europea	Zona Euro	Alema-ña	Francia	Italia	España	Países Baixos
PIB	1,4	1,2	1,0	0,5	1,0	2,7	1,5
Gasto en consumo final	1,5	1,4	1,2	0,7	1,1	3,1	1,9
Gasto final das Administracións Públicas	2,0	1,9	3,0	1,4	0,3	2,7	2,6
Gasto final sector privado	1,2	1,2	0,4	0,4	1,3	3,2	1,4
Investimento (Formación Bruta de capital)	0,1	-0,6	-1,8	-3,9	1,8	4,7	-2,4
Investimento (Formación Bruta de capital fixo)	2,3	1,4	-0,1	-0,2	3,3	5,1	0,3
Achega da demanda interna	1,1	0,9		-0,4	1,2	3,3	
Exportacións bens e servizos	4,2	3,9	3,5	3,7	4,4	0,3	2,7
Importacións bens e servizos	3,9	3,6	2,4	1,0	5,3	2,1	2,2
Achega demanda externa	0,3	0,3		0,9	-0,2	-0,6	


Fonte: Eurostat e INE

non presentan un comportamento homoxéneo neste último trimestre. Dunha banda, en España e Italia o investimento é a compoñente que presenta un maior dinamismo, ao aumentar un 4,7% e 1,8% respecto ao ano anterior, respectivamente; ao tempo que o gasto en consumo final do sector privado aumenta en maior medida que o gasto das administracións públicas. Doutra banda, tanto en Alemaña como en Países Baixos e, en maior medida, Francia, o investimento contráese de xeito significativo, situándose esta caída no 1,8% en Alemaña, 2,4% en Países Baixos e un 3,9% en Francia; asemade, o incremento interanual do gasto en consumo final das administracións é superior ao experimentado polo gasto do sector privado.

No que á demanda externa se refire, os datos de Eurostat amosan que ao igual que a UE, países como Alemaña, Francia e Países Baixos presentan unha medra das exportacións superior ao das importacións, salientando un incremento das vendas ao exterior superior ao 3,5% en Alemaña e Francia, mentres que as importacións aumentan un 1% en Francia fronte a unha medra que supera o 2,2% en Países Baixos e Alemaña. Por contra, as importacións medran en Italia un 5,3% (as exportacións o fan nun 4,4%) e en España un 2,1% fronte a tan só un 0,3% no caso as exportacións.

No concernente á evolución da economía galega, en termos interanuais o

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2022-2026. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE


PIB segue a presentar un mellor comportamento que a Unión Europea, o conxunto de países da zona euro e os seus principais socios comerciais, manténdose por baixo do rexistrado pola economía española. En concreto, no segundo trimestre de 2026 Galicia rexistra un incremento interanual do 2,4%, tres décimas menos que no conxunto do Estado, fronte ao 1,4% na UE e o 1,2% na zona euro. Con todo, en termos intertrimestrais, a economía galega medra un 0,5%, sendo este crecemento do 0,7% tanto en España como na Unión Europea, e do 0,6% respecto ao trimestre anterior no conxunto de países da zona euro.

DEMANDA AGREGADA

Fronte ao devandito comportamento positivo do equilibro do crecemento económico galego cómpre mencionar que a achega de 1,2 puntos da demanda interna é a segunda maís reducida dende a recuperación económica da crise orixinada pola pandemia (1,1 puntos no segundo trimestre de 2024). No conxunto de España, por noveno trimestre consecutivo a demanda interna aporta máis de tres puntos, situándose no segundo trimestre de 2026 en 3,3 puntos porcentuais.

Todos os compoñentes da demanda interna presentan unha ralentización no seu ritmo de crecemento en comparación co acontecido no mesmo trimestre do ano anterior, especialmente significativa no caso do investimento medido en termos da formación bruta de capital, cunha medra interanual do 1,6%, o valor máis reducido dos últimos oito trimestres, lonxe do 5,9% estimado no segundo trimestre de 2025. Doutra banda, todos os compoñentes da demanda interna presentan no conxunto do Estado un maior dinamismo, salientando o diferencial superior aos tres puntos no caso do investimento (4,7% en España). Asemade, o gasto en consumo final, impulsado en maior medida polo consumo privado, presenta unha medra do 3,1%, dous puntos máis que en Galicia, situándose este crecemento no 3,2% no caso dos fogares e no 2,7% no gasto público.

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2024-2026



Fonte: IGE e INE


Cadro macroeconómico de Galicia 2023-2026. Taxas de variación interanual

%

	2023	2024	2025	2025/I	2025/II	2025/III	2025/IV	2026/I	2026/I
Produto Interior Bruto	2,0	3,4	2,7	3,3	2,8	2,4	2,5	2,3	2,4
Demanda									
Gasto en consumo final	4,2	2,1	1,7	0,9	2,5	2,0	1,4	1,5	1,1
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	4,2	1,5	1,6	0,6	2,6	1,6	1,5	1,4	1,0
AA. Públicas	4,2	3,9	2,0	1,8	2,3	3,0	1,0	2,0	1,5
Formación Bruta de Capital	-1,4	1,4	4,0	3,0	5,9	4,0	3,2	3,0	1,6
Achega demanda interna ao PIB	3,2	2,0	2,0	1,3	3,0	2,2	1,6	1,7	1,2
Exportacións	0,9	3,1	0,7	1,7	-0,5	3,2	-1,4	1,2	0,4
Importacións	2,8	0,7	-0,6	-2,0	-0,2	3,1	-3,2	0,2	-2,0
Achega demanda externa ao PIB	-1,2	1,4	0,7	2,0	-0,2	0,2	0,9	0,6	1,2
Oferta									
Sector primario	8,1	1,6	0,0	1,8	-0,6	-0,8	-0,3	1,4	1,6
Industria	1,5	-0,1	-0,3	-2,1	-2,1	2,3	0,8	1,0	0,7
Industria manufactureira	2,8	1,8	2,3	2,5	4,1	2,3	0,4	0,1	2,9
Construción	1,2	4,8	6,8	5,7	6,9	7,1	7,3	5,4	3,3
Servizos	1,6	4,8	3,7	5,1	4,1	2,7	3,0	2,8	3,3
Comercio, transporte e hostalería	0,9	8,0	5,0	8,9	5,3	3,7	2,4	2,4	5,2
Información e comunicacións	3,3	-1,3	-1,0	-3,9	-3,6	0,5	3,3	-0,9	1,3
Actividades financeiras e de seguros	-3,8	2,7	4,4	6,8	3,9	1,2	6,1	5,0	3,2
Actividades inmobiliarias	2,5	2,7	4,1	3,5	5,5	4,0	3,6	3,6	2,4
Actividades profesionais	1,7	8,3	5,8	7,4	6,4	5,1	4,6	5,6	4,4
Administración pública, sanidade e educación	2,1	3,0	1,8	2,0	2,6	0,3	2,2	1,7	1,3
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	4,8	1,9	2,4	2,0	2,5	2,8	2,3	2,9	2,5

Fonte: IGE

PIB real en Galicia e España no segundo trimestre de 2026. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual




Fonte: IGE e INE

No que á demanda externa se refire, o cadro macroeconómico de Galicia amosa que a achega de 1,2 puntos se explica tanto pola medra do 0,4% das exportacións como pola caída do 2% do valor das importacións. Por contra, na economía española as exportacións medran un 0,3% e as compras terceiros países aumentan un 2,1%.

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total acumulado das exportacións galegas no primeiro semestre de 2026 presenta unha medra interanual de tan só un 0,1%, fronte ao incremento do 0,5% experimentado no mesmo período do ano anterior. En termos nominais, as exportacións ascenderon a 15.644,1 millóns de euros, 8,9 millóns máis que en 2025. Esta evolución vén motivada en boa medida polo comportamento experimentado polo sector de automóbiles e motos, cunha caída do 13,7% (443 millóns menos); e maquinaria específica de certas industrias, cunha redución do 16,2% (81,3 millóns menos) ou polo material do transporte (-5,6%; -74,2 millóns). Por contra, o valor das exportacións das actividades do sector téxtil e confección aumenta un 3,5% (119,8 millóns); un 13,9% no caso dos produtos químicos (111,4 millóns de euros máis); e un 41,6% no das vendas de metais non ferrosos (147,8 millóns de euros máis). Tras esta evolución, as exportacións galegas correspondentes ao sector do automóbil e motos representan o 17,8% do valor total, fronte ao 22,5% do sector téxtil-confección; e o 9,6% da pesca. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal

Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca 2012-2026. Datos acumulados ao segundo trimestre




Fonte: ICEX

sitúase no 7,8%, unha décima menos que nos dous anos anteriores; sendo este peso relativo do 53% no caso da pesca ou do 36,6% no téxtil (12,9% no sector do automóbil).

Atendendo á desagregación segundo destino das vendas galegas ao exterior cómpre mencionar o incremento do xa elevado grado de concentración no mercado comunitario, que acolle o 75,8% das exportacións, máis dun punto superior ao rexistrado no mesmo período do ano anterior (74,5%); dirixíndose ao resto do continente europeo un 7% das vendas exteriores. Por contra, redúcese o peso das exportacións a África, que concentra o 6,6% das vendas galegas, catro décimas menos que no ano precedente; e o das vendas dirixidas aos países americanos, que supoñen o 5,5% do total (6,5% en 2025). Fronte a esta caída, as venda de bens e servizos en Asia concentran o 3,9% das exportacións, catro décimas máis que no ano anterior (3,5%). Comparado co acontecido no mesmo período do ano precedente, cómpre mencionar en primeiro lugar a medra do valor das exportacións cara a UE nun 1,7% (194,8 millóns máis), o que contrasta coa redución do 4,6% das exportacións dirixidas ao resto de Europa (52,9 millóns menos) impulsado polo descenso das vendas a Turquía, que se reducen un 4,7% (46,3 millóns de euros menos) e ao Reino Unido, cunha caída do 24,1% (-207,2 millóns). As exportacións ao continente africano contráense un 5,2% en relación ao mesmo período do ano precedente impulsada pola significativa redución das vendas a Marrocos (-12,6%; 86,6 millóns menos); o que contrasta coa medra do 11,4% ao continente asiático (62,6 millóns máis). As vendas aos países americanos redúcense un 15,7% (-159,7 millóns), por mor das caídas das exportacións a Estados Unidos (-17,4%), Chile (-40,4%) ou Venezuela (-84,7%).

Francia, tras unha medra do 10,6% do importe total das exportacións, mantense como principal destino das exportacións galegas ao acoller o 17,5% do total galego, o que supón máis dun punto e medio superior ao rexistrado no mesmo período do ano precedente (15,8%). A continuación sitúase Portugal, que tras unha medra do 7,4% concentra o 14,8% (13,8% no mesmo período do ano anterior), reducíndose por contra o peso relativo de Italia ata o 9,1%, tras unha caída do valor das vendas a ese país nun 9,6%. Entre os dez primeiros destinos dos produtos galegos sete son países da UE, situándose Turquía como quinto destino dos produtos galegos ao exterior, que tras un descenso do 4,7% concentra o 5,9% das exportacións galegas (6,2% en 2025); por diante do Reino Unido en oitavo lugar, que tras unha redución superior ao 24% respecto ao ano anterior acolle o 4,2% das exportacións (5,6% no ano precedente); e Marrocos na novena posición, cun 3,9%, medio punto por baixo do experimentado en 2025 (redúcense un 12,4% respecto ao ano anterior).

Exportacións galegas 2025-26. Principais países e sectores económicos. Datos acumulados ao segundo trimestre.



Fonte: ICEX

Por último, na análise da demanda externa cómpre facer referencia á base exportadora, é dicir, ao número de empresas que venden os seus produtos fóra de España. De xaneiro a xuño de 2026 aumenta lixeiramente o número de empresas que exportan regularmente en Galicia, acadando as 2.653 empresas, un 0,3% máis que no ano anterior (medra un 2,6% en España), o que supón o 53,7% das empresas exportadoras (44,9% no conxunto do Estado). Estas empresas concentran o 96,7% do valor total das exportacións galegas, sendo esta porcentaxe do 96,4% en España.

A devandita concentración xeográfica e sectorial apréciase tamén na base exportadora. Dunha banda, as cinco primeiras empresas exportadoras concentran en Galicia o 42,4% das exportacións galegas, ascendendo esta porcentaxe ata o 51,2% no caso das dez primeiras empresas (44% e 53,1% no ano anterior, respectivamente), sendo estes valores significativamente máis elevados que no conxunto de España (9,2% e 14%, respectivamente). Este nivel de concentración é lixeiramente superior ao rexistrado antes da crise orixinada pola pandemia (no conxunto do ano 2019 representan o 43,5% e 52,2%, respectivamente) aínda que inferior ao experimentado antes da crise económica e financeira de 2008 (as cinco primeiras empresas concentran o 47,9% das exportacións e as dez primeiras, o 53,9%).

AGREGADOS DA OFERTA


No segundo trimestre do ano, todas as ramas de actividade presentan en Galicia taxas de variación interanuais positivas. Neste último trimestre, a construción e o sector servizos presentan os incrementos máis acusados, cunha medra do 3,3%, situándose a continuación o conxunto de actividades do sector primario, cun 1,6%; e a industria, incluídas as actividades extractivas e enerxéticas, cun 0,7%. A industria manufactureira presenta no segundo trimestre de 2026 unha medra interanual do 2,9%. Comparado co mesmo período do ano anterior, a devandita desaceleración no ritmo de crecemento da economía galega explícase pola acusada ralentización do sector da construción, e en menor medida, do sector servizos, que no segundo trimestre de 2025 presentaban unha medra interanual do 5,9% e 4,1%, respectivamente. Do mesmo xeito, a industria manufactureira presenta a devandita desaceleración, ao crecer no ano anterior un 4,1%. Por contra, o veb xerado polas actividades industriais e do sector primario contráense no ano anterior un 2,1% e 0,6%, respectivamente, fronte ao incremento experimentado no segundo trimestre de 2026.

O maior dinamismo da economía española explícase fundamentalmente pola mellor evolución dos catro grandes sectores. Ao igual que en Galicia, a construción e os servizos son os que presentan as taxas de variación máis elevadas, cunha medra interanual do 4,1% e 3,4%, respectivamente, por diante do sector primario, cun 3,2%, e a industria, cun 1,8%. Con todo, cómpre salientar o menor dinamismo da industria manufactureira no conxunto do Estado, ao medrar un 1,4%, punto e medio por baixo do experimentado na economía galega.

Entre as distintas ramas de actividade cómpre mencionar o incremento do 5,2% do conxunto de actividades englobadas no comercio, transporte e hostalería, porcentaxe significativamente inferior á rexistrada no conxunto de España, cun incremento do 3,5%. Por contra, o veb xerado polas actividades profesionais medra en Galicia un 4,4%, crecemento importante pero dous puntos por baixo da meda española, aumentando o conxunto de actividades pertencentes á Administración pública, sanidade e educación a un ritmo inferior ao estimado na economía española, cunha taxa de variación interanual do 1,3% e 2,3%, respectivamente.

No que á estrutura produtiva se refire cómpre resaltar que o subsector de comercio, transporte e hostalería concentra no segundo trimestre de 2026 o 24,3% do veb galego, seis décimas por riba do estimado no ano anterior (21,7%

PIB real en Galicia e España no segundo trimestre de 2026. Indicadores de oferta. Taxas de variación interanual




Fonte: IGE e INE

no mesmo período de 2019). A importancia relativa da administración pública, sanidade e educación sitúase no 18,3%, o que supón un nivel sete décimas inferior ao estimado no segundo trimestre de 2019.

Asemade, cómpre mencionar que a industria manufactureira concentra o 12,8% do veb galego, cando no mesmo período de 2008 representaba o 14%. A importancia relativa do sector da construción sitúase no 7%, unha décima máis que no ano precedente, porcentaxe que se sitúa lonxe do estimado en 2019 e sobre todo 2008 (7,8% e 12,3%, respectivamente). Por último, o sector primario representa o 4,9% do valor engadido xerado pola economía galega, unha décima inferior ao estimado no ano anterior (5,3% en 2019).

Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

Distribución da renda

A mencionada evolución no ritmo de crecemento da economía galega tradúcese nunha mellora da Remuneración de asalariados (RA) e do Excedente bruto de explotación/Renda mixta bruta (EBE/RMB), se ben cunha intensidade desigual. As Contas trimestrais de Galicia reflicten que o incremento do 5,9% do PIB nominal a prezos correntes no primeiro trimestre de 2026 se traduce nun crecemento do 5,7% na remuneración dos asalariados, e do 6,2% do EBE/RMB. Como consecuencia deste comportamento da RA, a súa participación na renda redúcese ata o 44%, catro décimas inferior á estimada no mesmo período do ano anterior, en tanto que o peso relativo do EBE/RMB se sitúa no 46,4% (45,8% no ano precedente). Atendendo á evolución ao longo dos últimos trimestres, dende o terceiro trimestre de 2021 o peso relativo da RA no PIB é inferior ao do EBE/RMB.

Comparado co acontecido no conxunto do Estado cómpre salientar dúas diferenzas. En primeiro lugar, a remuneración de asalariados en España sitúase ao longo de toda a serie considerada por riba do peso relativo do excedente bruto de explotación. En segundo lugar, o peso relativo da remuneración de asalariados mantén unha tendencia alcista, acadando no primeiro trimestre de 2026 o 48,8% do PIB fronte ao 41,6% no caso do Excedente bruto de explotación.


Atendendo á distribución sectorial do peso da remuneración asalariado no valor engadido xerado, no primeiro trimestre de 2026 (último dato publicado polo IGE) o peso máis elevado rexistrouse na administración pública, cun 80,2%, situándose no 60,3% no caso das actividades profesionais. O peso da remuneración de asalariados na industria manufactureira sitúase no 56,3%, fronte ao 58,4% no caso da construción e o 48,6% no conxunto do sector servizos. Por último, o peso relativo máis reducido acádase o sector primario, cun 19%.

• Indicadores derivados. Mercado de traballo

Vinculado ao mercado de traballo hai que facer referencia aos indicadores da produtividade aparente real e ao coste laboral unitario real (CLUR), recollidos nas contas económicas trimestrais de Galicia nos denominados indicadores derivados. A produtividade aparente defínese como o cociente entre o PIB e a ocupación, medida ben mediante o número de postos de traballo ben mediante o número de horas traballadas; mentres que o CLUR compara a remuneración por asalariado coa produtividade de traballo e os prezos, e se calcula dividindo a remuneración por asalariado entre a produtividade aparente nominal.

As contas económicas de Galicia reflicten que o dinamismo da actividade económica non se traslada ao mercado de traballo na mesma intensidade. Así, tras un incremento do PIB do 2,4%

Evolución da distribución da renda no PIB. 2021-2026 (% do PIB)



Fonte: IGE e INE

o número total de postos de traballo equivalente a tempo completo medra no segundo trimestre de 2026 un 0,7% respecto ao ano anterior (1,4% no ano precedente), e o número total de postos de traballo un 0,8% fronte ao 0,9% en 2025. Da mesma maneira, o número de horas traballadas aumenta un 0,8% fronte ao 1,2% estimado no ano anterior. O mercado de traballo en España presenta un maior crecemento de emprego que Galicia tanto en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, ao aumentar un 2,3%, máis dun punto inferior ao estimado no mesmo trimestre do ano anterior, o que contrasta coa medra do 2,8% no caso do número de horas traballadas, cando no ano precedente esta medra fora do 1,5%.

Por un lado, a produtividade aparente real volve a incrementarse no segundo trimestre do ano, sendo este crecemento interanual do 1,7% no caso da produtividade medida en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo (1,3% no ano precedente). En termos de produtividade por hora traballada e por postos de traballo, este incremento interanual foi

Produtividade aparente do factor traballo no segundo trimestre 2026. Taxas de variación interanual

Horas efectivamente traballadas

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Productividade	PIB	Emprego	Productividade
Total	2,4%	0,8%	1,6%	2,7%	2,8%	-0,1%
Sector primario	1,6%	0,3%	1,3%	3,2%	2,2%	1,0%
Industria	0,7%	1,1%	-0,4%	1,8%	4,1%	-2,3%
Industria manufactureira	2,9%	0,7%	2,2%	1,4%	4,5%	-3,1%
Construción	3,3%	2,8%	0,5%	4,1%	7,4%	-3,3%
Servizos	3,3%	0,5%	2,8%	3,4%	2,2%	1,2%

Postos de traballo equivalente a tempo completo

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Productividade	PIB	Emprego	Productividade
Total	2,4%	0,7%	1,7%	2,7%	2,3%	0,4%
Sector primario	1,6%	-1,8%	3,4%	3,2%	4,2%	-1,0%
Industria	0,7%	1,1%	-0,4%	1,8%	3,4%	-1,6%
Industria manufactureira	2,9%	1,1%	1,8%	1,4%	3,2%	-1,8%
Construción	3,3%	3,1%	0,2%	4,1%	7,4%	-3,3%
Servizos	3,3%	0,6%	2,7%	3,4%	1,6%	1,8%

Fonte: IGE e INE

do 1,6% (1,5% e 1,8% no ano anterior, respectivamente). En termos nominais, a produtividade aparente presenta un incremento do 4,8% nos tres casos, porcentaxe superior ao estimado no ano anterior tanto no caso dos postos de traballo (4,5%) como no das horas e postos de traballo equivalente a tempo completo (4%).

Atendendo á evolución da produtividade dende o derradeiro trimestre de 2019, trimestre anterior ao inicio da crise económica orixinada pola pandemia, o PIB real de Galicia medrou un 14,2%, porcentaxe superior ao experimentado cando se corrixe con outras variables como a poboación ou a ocupación. Dunha banda, tendo en conta o incremento da poboación galega nun 1,2% entre os dous trimestres considerados, o PIB real per cápita aumenta un 12,9%, 1,3 puntos menos que a produción total.


Se se corrixe polo total de horas traballadas, o incremento do PIB real por hora traballada situouse no 13,5%, sendo esta medra significativamente inferior no caso da produtividade real

Evolución PIB real, PIB real per capita e produtividade en Galicia e España IV trimestre 2019 - II trimestre 2026 (base IV trim. 2019 = 100)




Fonte: IGE

Evolución PIB real, poboación e ocupación en Galicia e España. IV trimestre 2019 - II trimestre 2026



Fonte: INE / EPA

Evolución do Custo Laboral Unitario real 2020-2025 (base 2020 = 100)



Fonte: IGE

por ocupado (EPA) ou por posto de traballo equivalente a tempo completo. Así, a produtividade medida en termos de emprego ETC aumentou un 7,8% e no caso do PIB por ocupado, o seu incremento foi do 6,8%.

No concernente aos Custos Laborais Unitarios, os datos recollidos nas Contas económicas trimestrais reflicten o seu descenso interanual no primeiro trimestre de 2026. En concreto, esa caída é do 0,4% no caso das horas traballadas, do 0,3% no caso dos postos de traballo e do 0,2% no dos postos de traballo equivalente a tempo completo.

"O mercado de traballo no segundo trimestre de 2026. Máis sombras que luces"

O crecemento sostido da actividade económica en Galicia nos últimos trimestres non se traslada directamente ao mercado de traballo, ao presentar os catro indicadores da ocupación considerados unha importante ralentización no seu ritmo de crecemento. Asemade, descende lixeiramente a participación dos galegos na actividade e ocupación, que se sitúa entre as máis baixas do Estado. Fronte a estes datos preocupantes, redúcese a taxa de paro e mellora a calidade do emprego atendendo á evolución da temporalidade.

A poboación activa en Galicia permanece practicamente estable, salientando a redución entre os homes e na poboación activa estranxeira. Cómpre mencionar que todo o emprego creado é emprego indefinido, situándose Galicia como a cuarta C.A. con menor taxa de temporalidade; aumentando a poboación ocupada tan só entre as mulleres. Asemade, a creación de emprego prodúcese basicamente na ocupación por conta allea, e no sector privado; concentrándose a meirande parte do emprego creado no sector servizos, reducíndose non obstante no ámbito agrario e industrial. Unha vez máis hai que mencionar que o mercado laboral en España presenta un maior dinamismo que en Galicia.

No que ao desemprego se refire, tanto a poboación parada estimada pola EPA como o paro rexistrado presenta un descenso do desemprego, descenso que se produce tanto entre homes como en mulleres. Con todo, a pesar da redución do desemprego de longa duración, no último trimestre aumenta o número de persoas que levan máis de dous anos nesa situación.

A taxa de actividade, taxa de ocupación, taxa de paro e taxa de temporalidade, indicadores básicos do mercado laboral, permiten realizar unha primeira aproximación global á situación do mercado de traballo e a súa comparación co resto das CC.AA. Dunha banda, no último trimestre descende lixeiramente a participación dos galegos na actividade e ocupación, reducíndose a taxa de paro. Doutra banda, Galicia mantense entre as Comunidades autónomas coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas, o que contrasta coa taxa de paro, xa que Galicia se sitúa como a quinta con menor desemprego. Asemade, hai que resaltar que Galicia se sitúa como a cuarta C.A. coa taxa de temporalidade máis reducida.

No concernente á taxa de actividade, a participación laboral dos galegos sitúase no segundo trimestre do ano no 53%, máis de seis puntos por baixo do estimado no conxunto do Estado (59,3%). Esta porcentaxe sitúa a Galicia como a segun-

da C.A. coa taxa máis reducida tras Asturias, cun 52,4%. A taxa de actividade feminina é notablemente inferior á masculina, con valores do 50,4% e 55,9%, respectivamente, descendendo o diferencial ata os 5,4 puntos porcentuais (6,5 no ano anterior). No conxunto do Estado, o diferencial mantense por riba do existente en Galicia (9,6 puntos), aumentando a taxa de actividade feminina ata o 54,6% e a masculina ata o 64,2%.

No que á taxa de ocupación se refire, a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos sitúase en Galicia no 48,8%, unha décima inferior á do ano anterior, aumentando o diferencial con respecto á media estatal que se sitúa en 4,6 puntos fronte aos 4,1 do ano anterior (en España ascende ata o 53,4%). Esta porcentaxe sitúa a Galicia como a terceira Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Estremadura e Asturias (47,6%).

Ao igual que acontece coa taxa de actividade, a participación das mulleres é significativamente inferior á dos homes, sendo o diferencial en Galicia novamente inferior ao estimado no conxunto do Estado. Entre os homes a taxa de emprego sitúase no 51,2% fronte ao 46,6% no caso das mulleres, o que implica un diferencial de 4,6 puntos, fronte aos case dez puntos en España (58,5% e 48,6%, respectivamente).

A taxa de paro galega descende no segundo trimestre ata o 7,9%, catro décimas inferior á estimada no ano anterior. Tras esta evolución, Galicia sitúase como a sexta Comunidade autónoma coa taxa máis reducida, aínda que lonxe do rexistrado en Baleares (6,1%) ou País Vasco (7,1%). No conxunto de España a taxa de desemprego descende ata o 9,9%, catro décimas menos que no ano anterior. O di-

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade no II trimestre 2026

	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de actividade	53,0%	59,3%	Baleares (67,1%) Madrid (63,9%) Cataluña (62,1%) Murcia (62,0%)	Asturias (52,4%) Galicia (53,0%) Castela e León (54,5%) Estremadura (54,9%)
Taxa de ocupación	48,8%	53,4%	Baleares (63,0%) Madrid (59,1%) Cataluña (57,2%) Murcia (55,3%)	Estremadura (47,6%) Asturias (47,6%) Galicia (48,8%) Andalucía (49,4%)
Taxa de paro	7,9%	9,9%	Baleares (6,1%) País Vasco (7,1%) Cantabria (7,4%) Madrid (7,6%)	Andalucía (14,6%) Estremadura (13,2%) Castela A Mancha (11,8%) Canarias (11,6%)
Taxa de paro xuvenil (menores 25 anos)	27,0%	23,8%	Cataluña (16,1%) Baleares (17,1%) Madrid (19,8%) Aragón (21,1%)	Castela A Mancha (31,1%) Andalucía (30,9%) Estremadura (30,2%) Cantabria (27,9%)
Taxa de temporalidade	13,2%	15,1%	Madrid (11,5%) Baleares (11,5%) Cataluña (12,2%) Galicia (13,2%)	Estremadura (23,9%) Andalucía (19,1%) Navarra (18,8%) Murcia (18,5%)

Fonte: INE

ferencial entre as taxas de Galicia e España mantense nos dous puntos porcentuais experimentado no ano precedente. Con carácter xeral, a taxa de paro feminina é superior á masculina se ben no segundo trimestre do ano, en País Vasco, Cantabria e Galicia esta é inferior. En concreto, sitúanse na Comunidade Autónoma no 7,5% e 8,4%, respectivamente, fronte aos 11% e 8,8% en España. O diferencial entre as taxas de paro feminina e masculina supera os cinco puntos en Murcia e Castela A Mancha, e os catro puntos e medio en Estremadura.

Poboación activa

Tras os acusados incrementos interanuais experimentados nos dous trimestres anteriores, a medra estimada no segundo trimestre do ano 2026 é o menos intenso dende a recuperación económica orixinada pola pandemia. O número de persoas activas ascende en Galicia a 1.273.100 persoas, 1.500 máis que no ano precedente, o que supón unha medra interanual de tan só o 0,1%. A devandita evolución ven motivada polo comportamento dos homes, con 5.400 persoas activas menos que no mesmo período do ano precedente (-0,8%), o que contrasta coa medra en 6.900 persoas entre as mulleres (1,1%). No conxunto de España a poboación activa medra tanto entre os homes (2%) como entre as mulleres (1,6%).

Atendendo á evolución dende a crise económica orixinada pola covid, España presenta un comportamento máis positivo que Galicia tanto entre as mulleres como

Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2024-2026


miles de persoas	2024	2025	2025				2026	
			I	II	III	IV	I	II
Poboación maior de 16 anos	2.372,0	2.385,3	2.381,0	2.385,0	2.384,1	2.391,0	2.389,8	2.401,3
Poboación activa	1.262,3	1.277,1	1.261,1	1.271,6	1.282,0	1.293,8	1.294,1	1.273,1
25 - 34 anos	212,4	216,7	211,1	216,6	218,8	220,2	214,9	207,0
Poboación ocupada	1.144,0	1.170,5	1.150,1	1.165,5	1.179,5	1.186,9	1.178,1	1.172,0
Conta propia	208,8	210,9	208,9	205,2	217,6	211,7	219,0	205,5
Conta allea	934,8	958,8	940,1	959,3	960,4	975,3	958,4	966,2
Outra situación	0,4	0,9	1,1	1,0	1,5	-	0,7	0,4
Poboación parada	118,3	106,7	111,0	106,1	102,6	106,9	115,9	101,1
Parado longa duración	27,8	22,3	22,1	18,5	22,1	26,5	27,0	26,3
Poboación inactiva	1.109,7	1.108,1	1.119,9	1.113,4	1.102,1	1.097,1	1.095,7	1.128,2
Taxa de actividade	53,2%	53,5%	53,0%	53,3%	53,8%	54,1%	54,2%	53,0%
Taxa de ocupación	48,2%	49,1%	48,3%	48,9%	49,5%	49,6%	49,3%	48,8%
Taxa de paro	9,4%	8,4%	8,8%	8,3%	8,0%	8,3%	9,0%	7,9%
Taxa de temporalidade	15,9%	13,8%	13,7%	14,1%	14,6%	12,9%	11,6%	13,2%
Afiliacións (media trimestral)	1.072,9	1.090,9	1.070,8	1.093,8	1.105,0	1.094,1	1.089,8	1.111,3
Paro rexistrado (media trimestral)	123,1	113,6	120,5	111,5	110,2	112,3	115,3	109,1

Fonte: IGE

especialmente, entre os homes. En concreto, a poboación activa galega é un 2,5% superior á existente no cuarto trimestre de 2019 fronte ao 9,1% en España; aumentando un 5,7% entre as mulleres en Galicia e un 10% en España. Asemade, fronte ao incremento do 8,3% dos homes activos no conxunto do Estado, en Galicia redúcese un 0,4%.

Xunto á devandita evolución da poboación activa entre mulleres e homes, cómpre mencionar o desigual comporta-

Poboación activa, ocupada e parada 2023-26: distribución segundo sexos




Fonte: IGE.

mento segundo nacionalidade; en concreto, aumenta a poboación activa entre a poboación con nacionalidade española un 0,2% (1.900 persoas máis), sete décimas menos que no conxunto do Estado, reducíndose no caso da poboación estranxeira un 0,3% (300 persoas), o que contrasta co incremento interanual do 6,4% en España. Asemade, o número de activos medra en maior medida entre aquelas persoas con estudos superiores rematados (28.800 persoas máis; 4,9%); con baixos niveis educativos (17.300 persoas; 52,7%); e coa segunda etapa da ESO, orientación profesional, rematada (16.500 persoas máis; 10,7%), así como entre as persoas maiores de 55 anos (17.800 persoas máis; 5,9%). Asemade, entre as persoas de 45 a 54 anos a medra interanual é do 1,8% (7.000 persoas máis).


Fronte a ese incremento, a poboación activa descende de xeito importante entre aqueles con estudos de ESO primeira etapa (59.100 persoas menos que no primeiro trimestre do ano anterior; -17,3%) e entre os que teñen unha idade comprendida entre 35 e 44 anos (17.600 persoas menos; -5,8%). Asemade, descende un 1,3% a poboación activa entre as que remataron a segunda etapa da educación secundaria (orientación profesional), o que supón 2.000 persoas menos.

Poboación activa II trimestre de 2026. Variación interanual



Fonte: IGE.

Evolución da ocupación en Galicia e España
IV trimestre 2019 -II trimestre 2026



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

Poboación ocupada en Galicia II trimestre 2026: distribución segundo situación profesional, idade e nivel de formación acadado

	Galicia			Galicia 25/26		
	(en miles de persoas)			*(%)*		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.172,0	587,0	585,0	0,6	-0,5	1,7
Situación profesional						
Traballadores por conta propia	205,5	122,9	82,7	0,1	1,7	-2,0
Empregador	64,2	39,2	25,0	-1,8	-4,4	2,5
Empresarios sen asalariados	136,0	80,7	55,3	-0,1	3,5	-4,8
Membros cooperativas	0,6	0,3	0,3	-25,0	-50,0	50,0
Axuda na empresa ou negocio familiar	4,7	2,6	2,1	62,1	116,7	23,5
Asalariados	966,2	464,1	502,0	0,7	-1,0	2,3
Sector público	197,0	75,7	121,3	-0,2	-2,4	1,3
Sector privado	769,2	388,4	380,7	0,9	-0,7	2,7
Outra situación	0,4		0,4	-60,0		-33,3
Grupos de idade						
16-19 anos	5,9	4,7	1,2			
20-24 anos	46,0	23,7	22,3	0,7	-2,5	4,7
25-34 anos	183,1	91,7	91,4	-4,0	-4,5	-3,5
35-44 anos	269,3	141,0	128,3	-3,8	-1,5	-6,1
45-54 anos	368,9	184,9	184,0	1,8	0,3	3,3
55 e máis anos	298,9	140,9	158,0	6,2	0,8	11,6
Nivel de formación acadado (1)						
Analfabetos e Estudos primarios incompletos	4,1	3,7	0,4	46,4	68,2	-42,9
Educación primaria	39,3	22,0	17,3	76,2	54,9	113,6
Ed. secundaria. Primeira etapa ou similar	256,0	154,5	101,5	-16,1	-15,8	-16,6
Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación xeral	156,3	73,2	83,1	13,8	6,2	21,5
Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación profesional	138,6	75,8	62,8	-1,7	-2,7	-0,5
Educación superior	577,8	257,8	319,9	3,7	5,9	2,1

(1) Educación primaria inclúe estudios primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
Fonte: INE, EPA

Ocupación

A pesar do devandito crecemento sostido da actividade económica de Galicia no segundo trimestre de 2026, cunha medra do 2,4%, os catro indicadores de ocupación considerados presentan taxas de crecemento inferiores ás estimadas no ano anterior. Dunha banda, a poboación ocupada estimada pola EPA medra un 0,6%, o que supón dous puntos porcentuais por baixo do estimado no ano anterior. Doutra banda, as afiliacións á Seguridade Social presentan un incremento interanual do 1,6% fronte ao 1,7% do ano precedente. Asemade, as contas económicas reflicten o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo medran un 0,7%, o crecemento máis reducido dende o inicio da recuperación económica tras a pandemia, fronte o 1,4% rexistrado no ano anterior; e o número de horas traballadas faino nun 0,8% (1,2% en 2025, o máis reducido dende o primeiro trimestre de 2025). Ao igual que en anos anteriores, o mercado labo-

ral en España presenta con carácter xeral un mellor comportamento que en Galicia, aumentando os postos de traballo equivalente a tempo completo e a poboación ocupada un 2,3%; as afiliacións un 2,6% e o número de horas traballadas un 2,8%.

Atendendo á evolución dende o derradeiro trimestre de 2019, o incremento do 14,2% do PIB galego non se traslada ao mercado de traballo a diferenza do que acontece en España. Todos os indicadores medran en Galicia por baixo da actividade económica, especialmente no caso das horas traballadas, que se manteñen estables, e a poboación activa, que medra un 2,5% (a poboación medra un 1,2%). Doutra banda, as afiliacións medran un 9,3% entre as dúas datas consideradas fronte ao 6,9% das poboación ocupada e o 6% dos postos de traballo equivalentes a tempo completo.

No concernente ao número medio de afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no segundo trimestre ascende a 1.111.314 persoas afiliadas, o que supón en torno ás 17.600 afiliacións máis que no ano anterior. En termos relativos as afiliacións medran en Galicia un 1,6%, un punto por baixo do rexistrado en España. Tanto entre homes como en mulleres, as afiliacións en España presentan un maior dinamismo, aumentando un 2,6% entre as mulleres e un 2,5% entre os homes no conxunto do Estado fronte ao 1,7% e 1,5%, respectivamente en Galicia.

No que se refire á análise da poboación ocupada, no segundo trimestre do ano o emprego medrou en 6.500 persoas, ascendendo o número total de persoas ocupadas ata as 1.172.000. En termos relativos, o incremento interanual foi do 0,6%, o que supón dous puntos menos que no ano pre-

Poboación ocupada II trimestre de 2026: distribución segundo sexo e ramas de actividade

	GALICIA (en miles de persoas)			GALICIA / ESPAÑA (taxa variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.172,0	587,0	585,0	5,1%	4,8%	5,5%
Sector Primario	64,7	46,4	18,3	8,2%	7,9%	9,1%
Industria	184,1	126,1	58,0	5,9%	5,7%	6,4%
Ind. extractivas; Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	13,6	9,9	3,6	4,5%	4,2%	5,4%
Industria manufactureira	170,5	116,2	54,4	6,1%	5,9%	6,5%
Construción	79,2	69,3	9,9	4,9%	4,7%	6,5%
Servizos	844,0	345,3	498,9	4,9%	4,4%	5,3%
Comercio por xunto e ao retallo; reparación vehículos de motor e motocicletas; Transporte e almacenamento; Hostalaría	317,2	146,4	170,9	5,1%	4,5%	5,9%
Información e comunicacións	19,0	9,1	9,9	3,7%	3,6%	3,8%
Actividades financeiras e de seguros	5,8	2,3	3,5	2,8%	2,2%	3,5%
Actividades inmobiliarias	104,3	41,4	63,0	4,1%	3,4%	4,6%
Actividaes profesionais; científicas e técnicas; actividaes administrativas e servizos auxiliares	273,2	85,7	187,5	5,2%	4,8%	5,4%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria; Educación; Actividades sanitarias e de servizos sociais	87,7	34,8	52,9	4,9%	4,8%	5,0% 4,7%
Activ. artísticas, recreativas e de entretemento; fogares comoempregadores domésticos e como produtores de bens e servizos para uso propio; activ. de organizacións e organismos extraterritoriais; outros servizos	36,8	25,6	11,2	4,5%	4,4%	

Fonte: IGE

cedente. O devandito incremento prodúcese tan só entre as mulleres, aumentando a ocupación en 9.600 persoas (1,7%), fronte ao descenso en 3.100 persoas ocupadas entre os homes (-0,5%). Os datos da poboación ocupada reflicten un comportamento desigual en Galicia e España. Dunha banda, o emprego feminino medra un 2,2% en España; doutra, fronte á caída experimentada na Comunidade Autónoma, a ocupación ente os homes medra un 2,4% no conxunto do Estado.

Centrándose na análise das cifras totais da ocupación estimadas pola EPA, xunto á devandita evolución do emprego feminino, cómpre salientar que todo o emprego creado é emprego indefinido, situándose Galicia como a cuarta Comunidade autónoma con menor taxa de temporalidade tras Baleares, Madrid e Cataluña. A creación de emprego prodúcese fundamentalmente no sector servizos, reducíndose a ocupación tanto no sector primario como en maior medida, no industrial.

Atendendo ao nivel formativo das persoas ocupadas, o incremento de emprego máis importante rexístrase entre as persoas con educación superior rematada, cun incremento de 20.800 persoas (3,7% máis), e educación primaria, con 17.000 persoas ocupadas máis (76,2%), por diante das persoas coa segunda etapa de educación secundaria, orientación xeral, con 19.000 persoas ocupadas máis (13,8%). Por contra, redúcese o emprego entre aquelas coa primeira etapa da ESO rematada en 49.100 persoas (-16,1%) e en 2.400 persoas (-1,7%) entre aquelas coa segunda etapa (orientación profesional) rematada. No que atinxe aos grupos de idade, salienta o incremento da ocupación experimentado entre os maiores de 55 anos (6,2%; 17.400 persoas ocupadas máis), impulsado pola evolución entre as mulleres, con 16.400 persoas ocupadas máis (11,6%); así como entre aquelas con idades comprendidas entre 45 e 54 anos, con 6.400 persoas ocupadas máis (1,8%).


No que atinxe á distribución sectorial, o devandito incremento da poboación ocupada ven explicado en maior medida polo comportamento do sector servizos, reducíndose o emprego tanto no sector primario como especialmente no conxunto do sector industrial. Dunha banda, o sector servizos presenta unha medra do 2,4%, o que supón 19.500 persoas máis, impulsado fundamentalmente pola creación de emprego nas actividades de "comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas", cunha medra interanual do 12% (20.800 persoas ocupadas máis) e nas correspondentes ás actividades de hostalería nun 14,8% (10.900 persoas). No ámbito da construción a ocupación medrou en 300 persoas (0,4%). Doutra banda, o sector que presenta un peor comportamento é o sector industrial, cunha destrución de emprego do 5,9% (11.600 persoas ocupadas menos), salientando a industria manufactureira, con 6.700 ocupados menos (-3,8%) e o sector enerxético, con 6.600 menos (-4,4%). Entre as distintas ramas de actividade do sector servizos, as de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais presentan unha destrución de emprego do 5,1% (8.900 persoas ocupadas menos), e de 16.500 persoas no caso do transporte e almacenamento (-11,1%).

Tras esta evolución, o sector servizos concentra o 72% da poboación ocupada en Galicia (844.000 persoas), representando o conxunto das ramas manufactureiras o 14,5% (170.500 persoas ocupadas). O sector da construción concentran o 6,8% da poboación ocupada total en Galicia

(79.200 persoas) e as actividades do sector primario o 5,5% (64.700 persoas). No ámbito do sector servizos a actividade que concentra o maior número de ocupados é a de comercio, cun 15,4% da poboación ocupada, por diante das actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais, cun 14,2%; e as sanitarias e de servizos sociais, cun 10%.

Se se compara esta estrutura coa existente no mesmo trimestre de 2019, cómpre resaltar o desigual comportamento entre sectores ou ramas de actividade. Dunha banda cómpre mencionar o incremento do peso relativo do sector da educación nun punto porcentual, por diante do comercio en nove décimas, do sector da construción en sete décimas o as actividades sanitarias e de servizo sociais en seis décimas. Doutra banda, salienta o descenso da importancia relativa do conxunto de actividades agrarias (sete décimas) e a caída do peso da hostalería (cinco décimas).

Estrutura da ocupación en Galicia II trimestre de 2019, 2025 e 2026. Peso relativo sobre a poboación ocupada total



• Calidade do emprego

No segundo trimestre do ano todo o emprego por conta allea creado en Galicia é emprego indefinido. Entre abril e xuño Galicia presenta unha medra interanual do 1,8% das persoas asalariadas con contrato indefinido (15.100 persoas) e un descenso do 6,1% entre aquelas persoas con contrato temporal (-8.300 persoas). No conxunto do Estado, o emprego asalariado con contrato indefinido medra un 3,6% respecto ao ano anterior, aumentado ao mesmo tempo o emprego temporal nun 1,2%.

A análise da desagregación segundo sexo reflicte que o emprego indefinido medra en Galicia tanto entre os homes como en maior medida entre as mulleres. En concreto, o emprego indefinido medra entre as mulleres un 3,4% respecto ao ano anterior (14.000 persoas), aumentando un 0,3% entre os homes (1.200 persoas). No conxunto de España o emprego indefinido presenta un crecemento en ambos os dous casos, situándose as taxas de variación interanual no 3,1% entre as mulleres e no 4% entre os homes. No concernente ao emprego temporal, o descenso en Galicia prodúcese tanto en homes como en mulleres, se ben é máis intenso entre os homes, cunha redución interanual do 11,4% (6.000 persoas menos), que entre as mulleres, cun 2,9% (6.000 persoas menos). O mercado laboral en España presenta unha medra dos contratos temporais entre as mulleres do 1,2%, e do 1,1% entre os homes.

Tras esta evolución, a taxa de temporalidade descende ata o 13,2%, case dous puntos inferior á rexistrada no conxunto de España (15,1%), porcentaxe que mantén a Galicia como a cuarta C.A. coa taxa máis reducida tras Madrid e Baleares, cun 11,5%, e Cataluña, co 12,2%. Atendendo a este indicador, a calidade de emprego feminino é sensiblemente inferior á masculina dado que a taxa de temporalidade entre as mulleres se sitúa en Galicia no 16% fronte ao 10,1% no caso dos homes. Do mesmo xeito, no conxunto de España a temporalidade oscila entre o 17,3% no caso das mulleres e o 13,1% no dos homes. Xunto á devandita caída da temporalidade en relación ao ano anterior, aumenta lixeiramente o diferencial existente, que en Galicia se sitúa en 5,9 puntos fronte aos 5,7 do mesmo trimestre do ano precedente (4,2 e 4,1 en España, respectivamente).

O devandito descenso das persoas asalariadas cunha contratación temporal prodúcese en Galicia no ámbito público, cunha caída interanual do 24% (13.500 persoas menos), aumentando no sector privado un 6,7% (5.300 persoas máis). A diferenza do que acontece en Galicia, no conxunto de España aumenta un 1,7% no sector público, e nun 1% no sector privado. Deste xeito, a taxa de temporalidade no ámbito público redúcese ata o 21,7%, máis de dez puntos e medio por riba do estimado para o sector privado (11%), situándose no conxunto do Estado en 27,3% e 12,3%, respectivamente.

Por último cómpre facer referencia á ocupación segundo tipo de xornada. Dunha banda, tanto no conxunto de España como en Galicia aumenta o emprego a tempo completo; e doutra, o emprego a tempo parcial redúcese en Galicia o que contrasta coa medra experimentada no Estado. En concreto, a emprego a xornada completa aumenta un 1,6% en Galicia (16.000 persoas máis) fronte ao 2,5% en España; mentres que o emprego a tempo parcial descende na CA un 6% (9.600 persoas

Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia

Trimestre		2024	2025	2025 I	2025 II	2025 III	2025 IV	2026 I	2026 II
(en miles de persoas)									
Poboación parada		118,3	106,7	111,0	106,1	102,6	106,9	115,9	101,1
	Homes	56,9	51,5	52,7	55,9	45,2	52,0	54,4	53,6
	Mulleres	61,5	55,2	58,2	50,2	57,4	54,9	61,5	47,5
	Paro de longa duración	44,2	37,0	37,0	35,5	33,4	42,2	40,3	35,1
(Taxa de variación interanual; %)									
Poboación parada		-2,5	-9,9	-15,7	-11,4	-8,8	-2,3	4,4	-4,7
	Homes	-1,0	-9,5	-18,7	-3,6	-19,1	6,8	3,2	-4,1
	Mulleres	-3,9	-10,2	-12,9	-18,8	1,4	-9,6	5,7	-5,4
	Paro de longa duración	-10,3	-16,1	-25,4	-20,6	-14,8	-2,1	8,9	-1,1
(porcentraxe de poboación activa; %)									
Taxa de paro		9,4	8,3	8,8	8,3	8,0	8,3	9,0	7,9
	Total	8,8	8,0	8,2	8,6	7,0	8,0	8,4	8,4
	Homes	10,0	8,7	9,4	8,0	9,0	8,5	9,5	7,5
	Mulleres								
Segundo nivel de estudios									
	Ed. Primaria ou inferior	21,7	19,9	18,8	23,2	17,8	20,2	19,5	13,4
		11,6	10,5	12,0	10,7	10,6	8,8	8,9	9,3
	ESO. 1ª etapa	10,3	9,3	10,0	10,4	7,5	9,5	10,8	9,3
	ESO. 2ª etapa	6,7	5,9	5,7	5,1	6,2	6,5	7,1	6,1
	Educación superior								
Segundo grupos de idade									
	Menores de 25 anos	25,8	24,9	26,0	24,0	20,9	27,4	21,6	27,0
	De 25 a 54 anos	8,6	7,6	7,9	7,7	7,4	6,8	6,8	7,0
	Maiores de 55 anos	8,1	7,0	7,9	6,7	6,8	7,4	10,3	6,4
Segundo nacionalidade									
	Española	8,4	7,6	8,0	7,2	7,3	7,8	8,3	7,7
	Estranxeira	20,9	17,2	18,8	21,9	15,3	13,1	16,1	10,5
	UE	16,5	13,7	12,8	16,4	17,5	7,9	5,3	
	Non pertencentes á UE	22,1	18,0	20,5	23,2	14,8	14,1	18,7	12,8

Fonte: IGE

menos) aumentando un 0,7% no conxunto do Estado.

A análise da desagregación segundo sexo reflicte que no segundo trimestre do ano a ocupación a xornada a tempo completo medra tan só entre as mulleres, cun increemento interanual do 4,3% (19.600 persoas), reducíndose por contra entre os homes un 0,7% (3.600 menos). No conxunto de España a xornada a tempo completo medra tanto ente os homes (2%) como con maior intensidade entre as mulleres (3,2%). No que ao emprego a tempo parcial se refire, este descende entre as mulleres tanto no conxunto do Estado (1,6%) como en Galicia, cunha caída do 8,2% (-9.900 persoas). Por contra, aumenta entre os homes nun 7,2% en España e un 1,3% en Galicia (500 persoas máis).

• Desaxuste oferta e demanda de emprego

O número de vacantes existentes no segundo trimestre de 2026 ascendeu en Galicia a 8.731, o que supón 3.186 máis que no ano anterior. En termos relativos, o incremento interanual foi do 57,5% fronte ao 1,3% no conxunto de España. Neste último trimestre, o número de vacantes medra tan só na C. Valenciana (29,2%), Cataluña (18,6%), Murcia (4,5%) e País Vasco (3,8%), ademais de Galicia.

A Enquisa trimestral de custo laboral reflicte que entre os motivos polos que non existen vacantes en Galicia, o elevado custo da contratación representa o 8%, porcentaxe tan só superado no primeiro e terceiro trimestre de 2025 dende a crise económica orixinada pola pandemia (8,4% e 8,7%, respectivamente). No último trimestre tan só Murcia presenta un peso superior (10,4%) situándose no conxunto de España no 5,8%. Das empresas que respostaron á enquisa, o 86,8% afirma que non se necesita ningún traballador máis (90,3% no mesmo período do ano anterior), sendo esta porcentaxe no 90,6% no conxunto do Estado.

Desemprego

Os datos das oficinas de emprego e as estimacións da poboación parada recollidas na EPA reflicten un descenso do desemprego no segundo trimestre do ano. Dunha banda, o paro rexistrado nas oficinas de emprego presentan unha redución interanual do 2,1%, situándose en torno ás 109.100 persoas desempregadas, 2.300 menos que no ano precedente. Neste segundo trimestre do ano, este descenso foi máis acusado no conxunto do Estado, cunha caída do 5,5%.

Doutra banda, a poboación parada reflectida na EPA descende en Galicia un 4,7% respecto ao ano anterior para situarse en 101.100 persoas, o que supón 5.000 persoas paradas menos. Este descenso interanual prodúcese tanto entre os homes como en maior media entre as mulleres; en concreto, redúcese un 5,4% entre as mulleres (2.700 persoas menos) e un 4,1% entre os homes (2.300 parados menos). Tras esta evolución, Galicia conta con 47.500 mulleres paradas (47%) e 53.600 homes desempregados (53%). O mercado laboral español presenta unha redución en ambos os dous casos, sendo esta caída do 1,9% entre os homes e do 2,6% entre as mulleres.

A taxa de paro, que reflicte a relación entre a poboación parada e a poboación activa, descende no segundo trimestre do ano ata o 7,9%, catro décimas por inferior ao estimado no mesmo período do ano precedente, o que supón o valor máis reducido dende a crise económica de 2008. Ao igual que acontece no segundo trimestre do ano anterior, a taxa de paro feminina é inferior á masculina, aspecto que neste último ano tan só acontece en País Vasco e Cantabria. A taxa de paro entre as mulleres galegas sitúase no 7,5% e no 8,4% entre os homes (8% e 8,7% no ano anterior, respectivamente). No conxunto do Estado, as taxas de paro mantense por riba da estimada en Galicia, situándose a taxa de paro entre as mulleres no 11%, máis de dous puntos por riba da estimada para os homes (8,8%).

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego. Dunha banda, a taxa de paro entre os máis novos medra ata o 27%, tres puntos por riba do estimado no mesmo período do ano precedente, descendendo por contra entre as persoas de 25-54 anos e maiores de 55 anos, que se sitúa no 7% e 6,4%, respectivamente. Fronte a este incremento do desemprego entre máis novos cómpre destacar o descenso entre as persoas cun menor nivel educativo, situándose a taxa de paro no 13,4%, case dez puntos menos que no mesmo período do ano anterior (23,2%). Asemade, a taxa de desemprego entre as persoas con estudos superiores aumenta ata o 6,1% (5,1% no ano precedente). No que á poboación estranxeira, o último trimestre presenta unha importante redución da taxa de paro, que acada o 10,5%, máis de oito puntos menos que no segundo trimestre do ano anterior (18,8%). Entre as persoas de nacionalidade española, a taxa de desemprego sitúase no 7,7%, o que supón cinco décimas máis que no ano anterior.

Xunto ao devandito comportamento cómpre mencionar o lixeiro descenso do paro de longa duración, descenso que se produce con maior intensidade no conxunto de España. No segundo trimestre de 2026 un total de 35.100 persoas galegas levan máis dun ano en situación de desemprego, un 1,1% menos que no ano anterior, o que representa o 34,7% das persoas paradas en Galicia (33,5% no ano precedente). Con todo, cómpre mencionar o incremento das persoas que leva en situación de desemprego en Galicia máis de dous anos, que no segundo trimestre do ano ascende a 26.300 persoas, 7.800 máis que no ano precedente (42,2% máis), o que contrasta coa caída estimada entre aquelas que levan en paro de un a dous anos (8.200 persoas menos; -48,2%). No conxunto do Estado o desemprego de longa duración redúcese un 10%, situándose o seu peso relativo no 35,8%. Este descenso no mercado laboral español prodúcese en ambos os dous casos (-10,9% e -8,5%, respectivamente).

Por último, cómpre facer referencia á situación dos fogares galegos segundo a tipoloxía de actividade. Un primeiro aspecto positivo é o descenso do número de fogares con todos os seus activos en situación de desemprego. En concreto, o número de fogares galegos con todos as persoas activas en paro redúcese un 8,4%, situándose nos 33.900 fogares, 3.100 fogares menos que no ano anterior, o que representa o 3% dos fogares galegos, o peso relativo máis reducido dende a crise económica orixinada pola pandemia (3,3% no mesmo período do ano anterior). Ademais, aumenta o número de fogares onde todas as persoas activas están ocupadas, acadando os 680.200 fogares, o que supón un 0,8% máis que no ano precedente (5.200 fogares máis).

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS


ABANCA
Asociación Gallega Empresa Familiar
civisglobal
construimos entorno
COREN
CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA
Cruz Roja
ECOENER
Galuresa
Algo más que gasolineras
Hierros AÑÓN, S.A.
HR Hijos de Rivera
JEALSA
LENCE
LUPA comunicación
MEGASA
Naturgy
GrupoNogar
GRUPO Nortempo
PÉREZ RUMBAO
Profand
reganosa
ReVi
Rodiñas
Rodman
TERRAS GAUDA
Universidade Vigo
MINISTERIO DE HACIENDA
ZONA FRANCA VIGO



ABANCA

Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

III / 2026

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas